



ASOCIACIÓN EMPRESARIOS RIVEIRA

C.I.F. G-15045594
C/Rosalía de Castro, 13
15960 – RIVEIRA (A Coruña)
Tel. 981 873719 Fax. 981 872406
correo@empresariosriveira.com

SORTEO CAMPAÑA NADAL 2021-2022

* * * * *
* * * * *
A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE RIBEIRA, con C.I.F. nº G-15045594 e domicilio social en Ribeira, Ruá Rosalía de Castro, 13 e no marco dunha serie de actuacións directamente encamiñadas a fomentar o comercio local, vai **ORGANIZAR UN SORTEO**, cuxo obxecto é motivar as compras nos establecementos comerciais do Concello e premiar a fidelidade do cliente, obsequiando ao consumidor con boletos que lle darán opción a gañar os premios do sorteo. Estes premios servirán de estímulo para intentar incrementar as compras no noso Concello.

O devandito sorteo levarase a efecto de conformidade coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DURACION.-

A promoción, na que se inscribe o sorteo, terá lugar entre os días 1 de decembro de 2021 e o 6 de xaneiro de 2022, inclusive.

SEGUNDA.- AMBITO TERRITORIAL.-

As rifas só serán obsequiadas nos establecementos comerciais do Concello de Ribeira, participantes na Campaña do Nadal, con motivo da adquisición de produtos durante o período referido na base 1ª anterior.

A Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira soamente venderá talonarios de rifas aos establecementos asociados deste ámbito territorial.

TERCERA.- PARTICIPACIÓN.-

1.- Poderán participar todas aquellas persoas que efectúen adquisicións de bens ou servizos ou ben realicen consumicións, en calquera dos establecementos colaboradores da Campaña Nadal 2.021-2.022.

2.- Sen prexuízo do anterior, non se fará entrega de ningún dos premios resultantes do sorteo a menores de idade salvo que á entrega comparezan acompañados do seu representante legal ou titor.

CUARTA.- PREMIOS.-

Os premios que se sortearán son os que a continuación se detallan e que responden á seguinte orde:

- 1º) CINCO VALES DE COMPRA por importe de 300 euros.**
- 2º) DEZ VALES DE COMPRA por importe de 250 euros.**
- 3º) VINTE VALES DE COMPRA por importe de 100 euros.**
- 4º) TRINTA VALES DE COMPRA por importe de 50 euros.**

Estes vales de compra non poderán ser canxeados por diñeiro e caducarán o 31 de marzo de 2022, data a partir da cal caducarán e non terán validez nin efecto ningún.

QUINTA.- VALES DE COMPRA E ESTABLECIMENTOS PARTICIPANTES.

Nos momentos previos ao sorteo, facilitarase ao Sr. Notario a listaxe dos establecimentos comerciais participantes e os números de rifa adquiridos por cada un deles.

VALES DE COMPRA: distribuídos en 750 VALES de 10 euros cada un, correspondentes aos premios, constitúen propiamente bonos para realizar compras en calquera dos establecimentos comerciais participantes na campaña ata o límite da cantidade de cada un dos vales, e sen prexuízo de que o portador de devanditos vales poida efectuar compras de importe superior ao valor facial, sendo neste caso a diferenza a cargo do comprador.

A cada un dos agraciados con vales de compra entregárselle unha relación dos establecimentos participantes na campaña.

Os establecimentos poderán trocar vales na Asociación de Empresarios de Ribeira ata o 31 de maio de 2022.

SEXTA.- BOLETOS.-

Cada boleto terá asignado un número, o período de campaña, a designación da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira como entidade organizadora, a data do sorteo e a caducidade do boleto.

Os boletos, agrupados en talonarios de cincuenta rifas, serán adquiridos polos establecimentos comerciais colaboradores na Campaña Do Nadal.

Cada Establecimiento Comercial Colaborador obsequiará aos seus clientes cun BOLETO POR CADA 10 EUROS DE COMPRA. Prohibese a venda de boletos nos establecimentos.

Aqueles boletos que, por calquera anomalía ou erro de impresión, teñan algún defecto na numeración (tales como signos, números superpostos, espazos en branco, etc.) que induzan a dubidosas interpretacións, serán declarados NULOS e poderán trocarse na sede da Asociación de Empresarios ata as doce horas da mañá do día 07 de xaneiro do 2.022.



SÉPTIMA.- DATA E FORMA DO SORTEO.-

O sorteo terá lugar nun acto público o dia 11 de xaneiro de 2.022 ás 11:00 horas, ante o Local Social da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Riveira, sito en Rúa Rosalía de Castro, 13 entreplanta, de Riveira (A Coruña).

O sistema será por extracción de rifas da urna onde estarán depositadas tódalas matrices das rifas que participan no sorteo.

Cada establecemento participante poderá entregar como máximo un premio, conseguindo así que 65 establecementos repartan premios. Non se terá está consideración no caso das rifas suplentes, que poderán ser de calquer establecemento participante.

Entrarán en sorteo todos os números correspondentes aos boletos que fosen vendidos pola Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Riveira aos establecementos colaboradores.

Extraeranse 65 boletos, un por cada premio e 65 boletos suplentes.

Comezarase o sorteo extraendo os cinco números correspondentes aos premios de 300 euros en vales de compra. A continuación procederase a extraer os números correspondentes ós 10 premios de 250€ cada un en vales de compra, 20 premios de 100€ en vales de premios e 30 premios de 50€ en vales de compra. No suposto de que no curso da extracción obtuvérase un número facilitado por un establecemento que xa otorgara un premio, dita extracción quedará anulada procedendo á extracción dun novo número. Finalmente extraeranse 65 números suplentes que se irán utilizando por orden de extracción.

No suposto de que algúns dos 65 boletos agraciados cun premio non fose depositado nas oficinas da Asociación no prazo estipulado na base "OITAVA.-CADUCIDADE", asignaranse os premios non depositados no prazo, comenzando co de maior importe, os números suplentes, pola súa orde de extracción.

OITAVA.- CADUCIDADE.-

O número premiado deberá ser depositado nas oficinas da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Riveira antes das 19:30 horas do día 31 de xaneiro de 2.022. Cumprida esta hora o boleto correspondente ao número premiado quedará caducado e sen validez algúns, cobrando vixencia a partir deste momento os números reserva, que deberán presentarse nas oficinas da Asociación de Empresarios antes das 19:30 horas do día 10 de febreiro de 2.022, tendo prioridade aos premios os suplentes segundo a orde de extracción destes. Despois desta data non se admitirá ningún boleto perdendo toda virtualidade.

Transcorridos estes prazos, sen que aparezan os agraciados (ou algúns deles), os premios non adjudicados serán declarados desertos e reverterán ao patrimonio da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Riveira.

NOVENA.- ENTREGA DE PREMIOS.-

Os premios entregaranse aos agraciados no local da ASOCIACION DE EMPRESARIOS, COMERCIENTES E TRABALLADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA, como máximo o 28 de febreiro de 2.022.

DECIMA.- RETENCIÓNS.-

Os premios enténdense como cantidades brutas suxeitas ás retencións que establece a lei vixente; por tanto dita retención aplicarase automaticamente nos supostos en que proceda.

UNDECIMA.- EXPOSICION DE BASES.-

Estas bases do sorteo estarán depositadas na notaría de Ribeira e expostas ao público no tablón de anuncios do local da ASOCIACION DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA, na páxina web www.empresariosriveira.com, e en todos os establecementos comerciais participantes, durante o período de duración da campaña.

DUODECIMA.- ACEPTACION DAS BASES.-

Os participantes, polo mero feito de participar na presente promoción, aceptan as bases e o criterio da ASOCIACION DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA en canto á resolución de calquera cuestión derivada da presente promoción. Calquera modificación das bases será comunicada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

DECIMO TERCEIRA.- LPD.-

A mera participación no sorteo supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña. Así, ós efectos do establecido na Lei de protección de datos, a Asociación de empresarios de Riveira comunica que estos datos de carácter personal forman parte dun ficheiro denominado "PREMIADOS", podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Rosalia de Castro, 13 Entrecán 15960 Ribeira (A Coruña). O incumprimento dalgúnha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña. No caso de que algúna persoa premiada renuncie a algún premio deberá formalizalo por escrito na sede da Asociación de Empresarios de Riveira no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios.

A organización resérvase o dereito a modificar total o parcialmente estas bases, así como o de suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade previa comunicación ó servizo de xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Riveira, 1 de decembro de 2021.